

# De conversa. Teresa Fraga, unha muller afable que inspira confianza.

Isidoro González Paz  
Xaime Iglesias González

Con Teresa Fraga falamos a miúdo. Pero esta vez foi especial, porque tomamos nota do falado e a conversa, entre unhas cousas e outras, durou máis de dúas horas que pasaron voando. Claro que ningún dos tres tiñamos présa, pois os meniños xa non nos caían da cama. Ás once da mañá dun día calquera de xuño, chegamos á súa casa na Porta do Sol. Despois de saudar comentamos que, cando eramos nenos, nesa casa vendían pan de figo e outras lambonadas e, ao mesmo tempo, notamos as melloras realizadas na casa que fora da Choceira. Quen a viu e quen a ve!

- *Nós compramos esta casa con moito sacrificio.* - Dinos Teresa. *Mesmo lle sorprendeu a algunha xente que non sabía que Pepe (o marido) levaba facendo moitas horas extras no traballo e, ademais, eramos aforradores. Despois fómola preparando ata quedar como está hoxe. Pero o gracioso é que eu herdei o nome da antiga propietaria e agora hai xente que me chama Teresa a Choceira, aínda que de choceira non teño nada. Pero non me parece mal.*

Malia seren de Mourente, os pais de Teresa fixeron vida en Santo André de Xeve e aquí naceu ela no ano 1929. A súa infancia transcorreu como a de moitas nenas do rural daquel momento, aínda que a dela foi diferente, pois cando tiña seis anos, quedou orfa de nai.

- *A miña nai enterrárona en Mourente. Aínda me acordo como presenciei o enterro ao lado de meu pai e como levaban o ataúde nun coche de cabalos. Meu pai era bo, aínda que tiña as súas cousas. Preocupábase de que tivéssemos que comer e vestir, pero poucos mimos nos daba nin nos contaba un conto... Con todo, era o modelo de home que eu quería para min.*

Pouco ían á escola os nenos do seu tempo e, aínda menos, as nenas. Pero a ausencia da nai significou que a escolarización de Teresa fose aínda menor. Así e todo, o que aprendeu, acompañado do seu entendemento natural, serviulle para se defender na vida.

- *Fun á escola de Couso, que estaba xunta o río. Non fun moito porque tiña que atender dos irmáns pequenos que naceron do segundo matrimonio de meu pai. Eu era e son moi meniñeira e coidaba moi ben os meus irmáns. Gustábame facelo. Así que non me custou moito coidar deles. Queríaos moito e aínda hoxe nos levamos ben.*

De moza, unha das diversións frecuentes de Teresa era pasear coas amigas pola estrada, aínda que tamén ía aos bailes de Pampín, Sanmartín, A Paloma... e ás festas de Santa María e Santo André de Xeve. Pero das que mellor e máis grato recordo conserva é das de San Brais de Verducido. Nelas coñeceu a Pepe, mozo que se ía converter no



amor da súa vida. Os ollos brillanlle cando fala daquel día.

- *Cando coñecín a Pepe era moi nova, pois andaba polos dezaseis anos. Iso non foi impedimento para que me dese conta de que el falaba como unha persoa maior, e iso gustábame. Dixen para min -Que rapaz máis xeitoso! Non pensaba que fose ser para min, pois era moito pedir. Pero ao domingo seguinte volveu polo Pozo e ao velo pensei -Oxalá veña por min! Non me dixo nada, pero volveu outro domingo e outro e outro...e así foi como nos namoramos de verdade.*

Cando nos conta a oposición do seu pai a ese noivado, faino no mesmo ton amable que a caracteriza, se cadra, por ter superada aquela situación sen resentimento.

- *Paseino moi mal cando saía con Pepe, porque tiñamos que andar escondidos para que meu pai non nos vise. El non era gustante de que formos noivos e moito menos de que casásemos. Tivo que impoñerse o amor, o cal nos trouxo unha meniña, para que meu pai consentise o noso casamento.*

Preguntámoslle que sente por ser nai dunha persoa tan importante como Fina, relevante escritora, que ten o don da palabra, que leva no seu haber múltiples galardóns e que é membro da Real Academia Galega. Contéstanos sen dúbida, como se lle tivesen feito esta pregunta moitas veces.

- *Que vou sentir! Sinto moito orgullo. Eu estou contenta se ela está contenta e sei que desfruta escribindo. Pero tamén sinto moito orgullo de Natalia, que para min tamén é unha filla importante.*



A conversa deriva a falar dos tempos de antes e dos de agora. Teresa fainos unhas reflexións sobre a vida e, dando mostra da súa boa memoria, debuxa cunhas pinceladas como mudaron os tempos.

- *Cando era nena, vivíase moi mal. A xente comía peixe asado, bolos do pote, pan de "algarroba", bolos da "sartén" e ata había quen comía trevo e cotos de verdura. Durante moito tempo, os alimentos estiveron racionados, especialmente aceite, azucre, fariña e pan, que daban un boliño por persoa. Eu acórdome de ir buscar o racionamento a Santa María coa "cartilla", da que o taberneiro sacaba os cupóns para controlar o que levaba cada un. Había xente que nin tan sequera podía coller os alimentos racionados porque non tiña cartos para pagalos. Tamén me acordo de que aí polo ano corenta e un ou corenta e dous pasouse moita fame porque aos malos tempos uníuselle unha grande "sequía". A vida de agora é moito mellor, non se pode comparar coa de antes. Pero tamén ten cousas malas. Agora a xente anda moito máis de présa e paréceme que non se quere tanto coma antes. Tamén, hai quen gasta de máis e incluso tira as cousas, aínda que as vaia buscar á caridade.*

As súas reflexións lévannos a falar das distintas etapas que lle tocou vivir, da ditadura e da democracia e tamén dos gobernos.

- *Nos tempos de Franco estaba todo mal repartido. Non se axudaba aos pobres nin aos traballadores e os ricos levaban becas e todo. Os fillos e fillas dos obreiros, eran menosprezados e considerados de última categoría. Despois foron cambiando algo as cousas, grazas a Suárez que trouxo a democracia. Dos outros presidentes non sei nada, non entendo de política, pero*

*gústanme os políticos que defenden os obreiros porque eu son muller dun obreiro.*

Teresa traballou moito ao longo da súa vida e foi quen de superar, con habilidade e esforzo, os atrancos que se lle foron presentando. O golpe máis forte foi quedar viúva hai quince anos. A pesar de todo, conserva o seu carácter amable, que transmite confianza e ilusión, ao tempo que se mostra unha persoa decidida

- *Tanto de solteira como de casada, ademais das faenas da casa, traballei no campo e criei animais. Era duro. Despois empecei a coser. Aprendín soa. Xa de pequena picaba os dedos xogando coa máquina da casa. Tirábame moito aquel oficio. Así que, estando casada, atrevínme a coser para un almacén facendo "calzoncillos" e máis tarde tamén outro tipo de roupa. Pasado un tempo, deime conta que na feira vendían a roupa que eu facía. Así que pensei que me saíría mellor comprar os tecidos, facer as pezas (mandís, saias, vestidos...) e vendelas eu directamente na feira. E foime ben. Para ir ás feiras de lonxe (Vilagarcía, Padrón, Bueu, etc.) levábame Pepe pola mañá e, ao remate da feira, víñame buscar.*

Só contaba sete anos cando estalou a guerra de 1936, pero Teresa lémbrese dos aviacións que voaban aqueles días e de que a xente andaba asustada e chea de medo, aínda que nos asegura que o medo durou moitos anos. Tamén sabe, se cadra por telo escoitado, que houbo xente que se escondeu no monte e que outros estiveron presos no Lazareto.

- *Pintado era cívico, chamábanlle así porque tiña pencas pola cara. Pero en Xeve houbo poucos perseguidos,*

grazas ao cura. Chamábase D. Manuel. El defendeu os veciños onde fixo falta e conseguiu que na parroquia non fusilasen a ninguén. - *Aquí la gente es buena, - dicía. Era xordo, pero moi bo. Ao pouco de irmos para Lérez, o cura D. Manuel Castiñeiras pediunos o certificado de bautismo de Fina, a miña filla máis vella. Entón fomos a Xeve, a falar con D. Manuel. Pero, en vez dun certificado, deunos unha carta na que se dicía "todos mis feligreses están bautizados, confirmados y legitimados". Non lle debeu parecer moi ben ao cura lerezán, pero o asunto quedou arraxado.*



Festival de Cans 1º Premio do Xurado á mellor actriz

Cóntanos Teresa algúns dos segredos que a manteñen activa; facer ximnasia, actividades para reforzar a memoria. Tamén cantou no coro do Fogar do Pensionista e no da igrexa de Lérez, e fixo teatro dando mostras de boas calidades interpretativas

- *Nunha escena tiven que facer de enferma. E tanto enfermei que un compañeiro, asustado, achegouse a min pensando que de verdade me pasaba algo.*

Pero a experiencia máis excitante dos últimos anos foi a do cine. E non é para menos, pois no IX Festival de Cans de 2012, Teresa foi galardoada co premio do xurado á mellor interpretación feminina pola curtametraxe "Dúas letras" da que foi a actriz protagonista.

- *Aprendín o guión de memoria (refírese a "Dúas letras") pola orde que mo deron, pero as gravacións non se fixeron seguidas e eu, con eses cambios, ás veces non sabía o que tiña que dicir. Entón, improvisaba. Non era moi difícil, porque a película trataba de cousas que pasan na vida, fáciles*

*de entender. O director, que era moi bo, dicíame: -Vostede si que é actriz. E, cando había que repetir unha escena, dicíame que non era culpa miña, aínda que a fose. A interpretación que fixen debeu parecer moi real porque houbo quen me dixo despois de ver a película: - Eu non sabía que tiñas un fillo na América.*

Causounos gracia a anécdota e botámonos a rir. Despois fixo varios spots publicitarios para a televisión e cóntanos o sucedido cando gravou un na casa dos hippies de Cerdedo

- *Os hippies falan moi baixo. Traballan o campo e arranxan a casa a súa maneira. O conto é que cando estaba gravando, non me acordaba do último que tiña que dicir e, preocupada, botei a man á cabeza, pensando que tiña que repetir a toma, e dixeron: - Hai Dios mío, xa non me acordo. Pero o director dixon: -Iso está moi ben, xa queda así. E así quedou.*

Teresa Fraga Couto, unha muller afofada, lúcida, chea de ilusión e que

a nós parécenos feliz. Ademais do devandito, foi homenaxeada na XIII Festa das persoas maiores (2011), organizada pola Asociación Cultural do Burgo. Tamén escribiu poemas íntimos, cheos de sentimento e amor, dedicados maioritariamente ao seu marido. Para maior recreo e conforto persoal, vai completalos coa historia do seu matrimonio que xa comezou a escribir. É que Teresa non para.

## Notas

*Este artigo foi redactado tras unha "conversa" que os autores mantiveron con Teresa Fraga en xuño de 2015. Razóns de espazo impediron que non puidese ver a luz ata a presente número.*

*O artigo "De conversa" do número 21 da revista Cedofeita (2017) dedicado a Ángel Carballo Carballo realizouse no outono de 2014. O entrevistado, en compañía da súa sobriña Elisa, coñeceu integramente o seu contido, pero non puido velo publicado na revista, pois finou o 3 de xaneiro de 2015.*